

rioridade, ou que algún país estranxeiro lle certifique períodos cotizados ou asimilados, en razón de actividades realizadas nel, con anterioridade ás datas indicadas, que, de se teren efectuado en España, terían dado lugar á inclusión daquel nalgunha das mutualidades laborais, e que, en virtude das normas de dereito internacional, deban ser tomadas en consideración.

b) Que, polo menos, a cuarta parte das cotizacións totalizadas ó longo da vida laboral do traballador se efectuasen nos réximes que recoñezan o dereito á xubilación anticipada ou ós precedentes dos ditos réximes, ou a réximes de Seguridade Social estranxeiros, nos termos e condicións sinalados na letra anterior, salvo que o total de cotizacións ó longo da vida laboral do traballador sexa de trinta ou máis anos, caso no que será suficiente con que se acredite un mínimo de cotizacións de cinco anos nos réximes antes sinalados.

3. O recoñecemento do dereito á pensión de xubilación con menos de sesenta e cinco anos, cando se cumpran as esixencias establecidas nos puntos precedentes, levarase a cabo polo réxime en que o interesado acredite maior número de cotizacións, aplicando as súas normas reguladoras.

A pensión de xubilación será obxecto de redución, mediante a aplicación da porcentaxe do 8 por 100 por cada ano ou fracción de ano que, no momento do feito causante, lle falte ó interesado para o cumprimento dos sesenta e cinco anos.

O establecido no parágrafo precedente enténdese sen prexuízo do previsto no parágrafo segundo, norma segunda, da disposición transitoria terceira da Lei xeral da Seguridade Social, así como na norma segunda da disposición transitoria terceira do Regulamento xeral do réxime especial dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1970, do 9 de xullo.

4. As referencias ó 1 de xaneiro de 1967 entenderanse realizadas na data que se determine nas súas respectivas normas reguladoras, respecto dos réximes ou colectivos que prevexan outra distinta, segundo a posibilidade de anticipación da idade de xubilación.

Disposición adicional única. *Réxime de clases pasivas.*

O disposto na presente lei non será de aplicación no réxime de clases pasivas do Estado. O cómputo recíproco de cotizacións entre o dito réxime e os demais réximes do sistema da Seguridade Social rexerá polo establecido no Real decreto 691/1991, do 12 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para que dicte as disposicións de carácter xeral que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben poderá aplicarse ás pensións de xubilación das que o feito causante se produza a partir do día 1 de abril de 1998.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

30152 LEI ORGÁNICA 11/1998, do 30 de decembro, de reforma da Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, do Estatuto de autonomía para Cantabria. («BOE» 313, do 31-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte Lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No debate do estado da Rexión, que tivo lugar o 27 de decembro de 1995, aprobouse, por unanimidade, crear unha ponencia coa participación de tódolos grupos parlamentarios para a reforma do Estatuto de autonomía para Cantabria que, mediante a fórmula do consenso, permitise lograr un maior autogoberno para a nosa Comunidade Autónoma e acceder ós contidos máximos de competencias e poder político recollidos na Constitución española.

A dita ponencia, constituída o 22 de abril de 1996, e oídos os representantes dos sectores sociais, económicos, institucionais e culturais da sociedade de Cantabria, tras diferentes sesións de debate, reunidos os seus membros en Carmona o 29 de decembro de 1997, elaborou por consenso o documento que se presentou como proposición de lei.

Transcorridos dezaseis anos de vixencia do Estatuto de autonomía, os grupos parlamentarios asinantes consideran que incrementa-los mecanismos de autogoberno, clarifica-lo marco institucional e amplía-las competencias da Comunidade Autónoma permitirá un maior desenvolvemento socioeconómico sostible que redundará nun aumento do benestar dos homes e das mulleres da nosa terra.

Artigo único.

Os seguintes artigos da Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, do Estatuto de autonomía para Cantabria, quedan redactados como segue:

Primeiro. Preámbulo.

«PREÁMBULO

Cantabria, como comunidade histórica perfectamente definida dentro de España e facendo uso do dereito á autonomía que a Constitución recoñece no seu título VIII e con base nas decisións da Deputación Provincial e dos seus concellos, libre e democraticamente expresadas, manifesta a súa vontade de se constituír en Comunidade Autónoma de acordo co disposto no artigo 143 da Constitución.

O presente estatuto é a expresión xurídica da identidade de Cantabria e define as súas institucións, competencias e recursos, dentro da indisoluble unidade de España e no marco da máis estreita solidariedade coas demais nacionalidades e rexións.

Cantabria atopa nas súas institucións a vontade de respecta-los dereitos fundamentais e as liberdades públicas, á vez que se afianza e impulsa o desenvolvemento rexional sobre a base dunhas relacións democráticas.

Para facer realidade o dereito de Cantabria ó autogoberno, a Asemblea Mixta de Cantabria, pre-

vista no artigo 146 da Constitución, propón e as Cortes Xerais aproban, o presente estatuto.»

Segundo. Créase un novo título preliminar que comprende os artigos 1 a 6 do Estatuto de autonomía para Cantabria.

Terceiro. Artigo 1, punto 1.

«1. Cantabria, como comunidade histórica, para exercer-lo seu dereito ó autogoberno recoñecido constitucionalmente, constitúese en Comunidade Autónoma de acordo coa Constitución e co presente estatuto, que é a súa norma institucional básica.»

Cuarto. Artigo 2.

«Artigo 2.

1. O territorio da Comunidade Autónoma é o dos municipios comprendidos dentro dos límites administrativos da anteriormente denominada provincia de Santander.

2. A capital da Comunidade Autónoma é a cidade de Santander, onde terán a sede as súas institucións de autogoberno.

3. Cantabria estrutura a súa organización territorial en municipios.

Unha lei do Parlamento poderá recoñecer-la comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia. A comarca non suporá, necesariamente, a supresión dos municipios que a integran.»

Quinto. Artigo 3, parágrafos segundo e terceiro.

«Cantabria poderá establece-lo seu escudo e mailo seu himno por lei do Parlamento.

O escudo de Cantabria, unha vez aprobado polo Parlamento, poderá incorporarse á bandeira.»

Sexto. Artigo 5.

«Artigo 5.

1. Os cidadáns e cidadás de Cantabria son titulares dos dereitos e deberes establecidos na Constitución e no presente estatuto.

2. Correspóndelles ás institucións da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas competencias, promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódolos cidadáns e cidadás na vida política, económica, cultural e social.»

Sétimo. Artigo 6.

«Artigo 6.

As comunidades montañesas ou cántabras asentadas fóra do ámbito territorial de Cantabria, así como as súas asociacións e centros sociais, terán o recoñecemento da súa orixe cántabra e o dereito a colaborar e compartila vida social e cultural de Cantabria. Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e mailo contido do dito recoñecemento, que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.

A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado que, para facilita-lo anteriormente disposto, subscriba, se é o caso, os oportunos tratados ou convenios internacionais cos Estados onde existan as citadas comunidades.»

Oitavo. Título I.

«TÍTULO I

Institucións da Comunidade Autónoma de Cantabria»

Noveno. Artigo 7.

«Artigo 7.

1. Os poderes da Comunidade Autónoma de Cantabria exerceranse a través das súas institucións de autogoberno, que son o Parlamento, o Goberno e o Presidente.

2. As leis de Cantabria ordenarán o funcionamento destas institucións de acordo coa Constitución e co presente estatuto.»

Décimo. Título I, capítulo I.

«CAPÍTULO I

O Parlamento»

Décimo primeiro. Artigo 8.

«Artigo 8.

1. O Parlamento de Cantabria representa o pobo cántabro e é a esta institución a quen lle corresponde expresa-la vontade política daquel, exerce-la potestade lexislativa, aproba-los seus orzamentos, impulsar e controla-la acción do Goberno e exerce-las demais competencias que lle confire a Constitución, o presente estatuto e as demais normas do ordenamento xurídico.

2. O Parlamento de Cantabria é inviolable.»

Décimo segundo. Artigo 9.

«Artigo 9.

Correspóndelle ó Parlamento de Cantabria:

1. Exerce-la potestade lexislativa en materia da súa competencia. O Parlamento só poderá delegar esta potestade lexislativa no Goberno nos termos que establecen os artigos 82, 83 e 84 da Constitución para o suposto da delegación lexislativa das Cortes Xerais ó Goberno do Estado, todo iso no marco do presente estatuto.

2. Exerce-la iniciativa lexislativa e solicitar do Goberno do Estado a adopción de proxectos de lei, segundo o disposto na Constitución.

3. Fixa-las previsións de índole política, social e económica que, de acordo co artigo 131, punto 2, da Constitución, a Comunidade Autónoma lle teña que subministrar ó Goberno do Estado para a elaboración dos proxectos de planificación.

4. Aproba-los convenios que se vaian realizar con outras comunidades autónomas e os acordos de cooperación con elas, ós que se refire o artigo 31 do presente estatuto.

5. Impulsar e controla-la acción política do Goberno.

6. Aproba-los orzamentos e mailas contas da Comunidade Autónoma sen prexuízo do control que corresponda ó Tribunal de Contas, de acordo co artigo 153 da Constitución.

7. Aproba-los plans de fomento de interese xeral para a Comunidade Autónoma.

8. Designar para cada lexislatura do Parlamento de Cantabria os senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Cantabria, de acordo co previsto no artigo 69, número 5, da Constitución, polo procedemento que para o efecto

sinale o propio Parlamento. Estes senadores ou senadoras deberán ser deputados ou deputadas do Parlamento de Cantabria e cesarán como senadores ou senadoras, ademais do disposto na Constitución, cando cesen como deputados ou deputadas do Parlamento de Cantabria.

9. Elixir de entre os seus membros o presidente da Comunidade Autónoma de Cantabria.

10. Esixirlle, se é o caso, responsabilidade política ó Goberno e ó seu presidente.

11. Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e comparecer ante o Tribunal Constitucional, nos termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

12. Controla-los medios de comunicación social de titularidade da Comunidade Autónoma.

13. Recibi-la información que lle proporcione o Goberno do Estado verbo de tratados internacionais e outros proxectos que afecten o interese da Comunidade Autónoma.

14. Calquera outra que lle corresponda de acordo coa Constitución, coas leis e co presente estatuto.»

Décimo terceiro. Artigo 10, números 1, 3 e 4.

«1. O Parlamento estará constituído por deputados e deputadas elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, e de acordo cun sistema proporcional.»

«3. O Parlamento será elixido por un período de catro anos sen prexuízo dos casos de disolución anticipada. O mandato dos deputados e deputadas remata catro anos despois da súa elección ou o día da disolución da Cámara. As eleccións serán convocadas polo presidente da Comunidade Autónoma nos termos previstos na lei que regule o réxime electoral xeral, de maneira que se realicen o cuarto domingo de maio cada catro anos. O Parlamento elixido será convocado polo presidente cesante da Comunidade Autónoma dentro dos vinte e cinco días seguintes ó da realización das eleccións.

4. Unha lei do Parlamento de Cantabria regulará o procedemento para a elección dos seus membros, e fixará o seu número, que estará comprendido entre trinta e cinco e corenta e cinco, así como as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que lles afecten.»

Décimo cuarto. Artigo 11, números 1 e 3.

«1. Os deputados e deputadas do Parlamento de Cantabria gozarán, aínda despois de cesaren no seu mandato, de inviolabilidade polas opinións manifestadas en actos parlamentarios e polos votos emitidos no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delictivos cometidos no territorio de Cantabria, senón en caso de flagrante delito; en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo corresponderalle decidir ó Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma. Fóra do dito territorio a responsabilidade penal será esixible, nos mesmos termos, ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.»

O número 3 queda suprimido.

Décimo quinto. Artigo 12, números 1, 2, 3 e 4.

«1. O Parlamento elixirá de entre os seus membros un presidente e maila Mesa. O regulamento, que deberá ser aprobado por maioría absoluta, regulará a súa composición, réxime e funcionamento.

2. O Parlamento de Cantabria fixará o seu propio orzamento.

3. O Parlamento funcionará en Pleno e en comisións e reunirse en sesións ordinarias ou extraordinarias. Os períodos ordinarios de sesións serán os comprendidos entre setembro e decembro, o primeiro, e entre febreiro e xuño, o segundo.

As sesións extraordinarias deberán ser convocadas polo seu presidente, con especificación, en todo caso, da orde do día, por petición da Deputación Permanente, dunha quinta parte dos membros do Parlamento ou do número de grupos parlamentarios que o regulamento determine, así como por petición do Goberno.

Para a deliberación e adopción de acordos, o Parlamento deberá estar reunido regulamentariamente e con asistencia da maioría dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría dos deputados e deputadas presentes se o estatuto, as leis ou o regulamento non esixen outras maiorías máis cualificadas.

O voto é persoal e non delegable.

4. As sesións plenarias do Parlamento son públicas, agás nos casos excepcionais previstos no seu regulamento.»

Décimo sexto. Artigo 13.

«Artigo 13.

O presidente do Parlamento coordina os traballos do Parlamento e das súas comisións e dirixe os debates. A Mesa asiste o presidente nas súas funcións e establece a orde do día, oída a Xunta de Portavoces.»

Décimo sétimo. Artigo 14.

«Artigo 14.

Entre os períodos de sesións ordinarias e cando expire o mandato do Parlamento, haberá unha deputación permanente; o seu procedemento de elección, a súa composición e as súas funcións serán reguladas polo Regulamento, respectando, en todo caso, a proporcionalidade dos distintos grupos parlamentarios.»

Décimo oitavo. Artigo 15.

«Artigo 15.

1. No marco do presente estatuto a iniciativa lexislativa correspóndelles ós deputados e deputadas e ó Goberno. A iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei que deban ser tramitadas polo Parlamento de Cantabria será regulada por este mediante lei, que deberá ser aprobada por maioría absoluta.

2. As leis de Cantabria serán promulgadas, en nome de El-Rei, polo presidente da Comunidade Autónoma e publicadas no "Boletín Oficial de Cantabria" e no "Boletín Oficial del Estado". Entrarán en vigor ós vinte días da súa publicación no "Boletín Oficial de Cantabria", agás que a propia lei estableza outro prazo.»

Décimo noveno. Artigo 16.

«Artigo 16.

1. O Defensor do Pobo Cántabro é o Comisionado do Parlamento de Cantabria para a protección e defensa dos dereitos fundamentais das persoas, a tutela do ordenamento xurídico e a defensa do Estatuto de autonomía para Cantabria; para este efecto poderá supervisa-la actividade da Administración, dándolle conta ó Parlamento cántabro.

2. Unha lei do Parlamento de Cantabria regulará a súa organización e funcionamento.

3. A aprobación da lei e a elección do Defensor do Pobo cántabro requirirá maioría de tres quintos da Cámara.»

Vixésimo. Título I, capítulo II.

«CAPÍTULO II
O Presidente»

Vixésimo primeiro. Artigo 17.

«Artigo 17.

1. O presidente da Comunidade Autónoma ostenta a máis alta representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Cantabria.

2. O presidente designa e separa os membros do Goberno e preside, dirixe e coordina a súa actuación.

3. O presidente da Comunidade Autónoma será elixido polo Parlamento de entre seus membros e nomeado por El-Rei. Para tal efecto, o presidente do Parlamento, logo de consulta coas forzas políticas representadas nel e oída a Mesa, propondrá un candidato ou candidata a presidente da Comunidade Autónoma. O candidato ou candidata presentará o seu programa ó Pleno da Cámara e, para ser elixido ou elixida, deberá obter maioría absoluta na primeira votación; de non obter esta maioría cualificada, procederase a unha nova votación pasadas corenta e oito horas e resultará elixido ou elixida se obtén maioría simple. No caso de non obterse dita maioría nesta segunda votación tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente. Se transcorrido o prazo de dous meses, a partir da primeira votación de investidura, ningún candidato ou candidata resultase elixido ou elixida polo Parlamento, este quedará automaticamente disolto, e procederase a convocar novas eleccións para el. O mandato do novo Parlamento durará ata a data en que debería concluí-lo anterior e sen prexuízo do disposto no artigo 23. En ningún caso procederá a disolución do Parlamento cando o prazo de dous meses conclúa o último ano da lexislatura.»

Vixésimo segundo. Título I, capítulo III.

«CAPÍTULO III
O Goberno»

Vixésimo terceiro. Artigo 18.

«Artigo 18.

1. O Goberno, órgano colexiado, dirixe a acción política e exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo coa Constitución, co presente Estatuto e coas leis.

2. O Goberno está composto polo presidente, o vicepresidente, se é o caso, e os conselleiros.

3. Os membros do Goberno de Cantabria serán nomeados e separados polo presidente, sendo preceptiva a información deste ó Parlamento.

4. O presidente poderá delegar temporalmente funcións executivas e de representación no vicepresidente ou, no seu defecto, nun dos conselleiros.

5. Unha lei do Parlamento regulará a organización do Goberno, as atribucións e o estatuto persoal de cada un dos seus compoñentes.

6. Os membros do Goberno non poderán exercer outras funcións representativas cás propias do mandato parlamentario, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin actividade profesional ou mercantil ningunha.»

Vixésimo cuarto. Artigo 19.

«Artigo 19.

1. O Goberno cesa:

a) Trala celebración de eleccións ó Parlamento.
b) Por dimisión, incapacidade ou falecemento do seu presidente.

c) Pola perda de confianza do Parlamento ou a adopción por este dunha moción de censura.

2. O Goberno cesante continuará nas súas funcións ata a toma de posesión do novo Goberno.»

Vixésimo quinto. Artigo 20.

«Artigo 20.

A decisión sobre a inculpación, prisión, procesamento e xuízo do presidente e dos demais membros do Goberno, en relación cos presuntos actos delictivos que puidesen cometer dentro do territorio da Comunidade Autónoma, correspóndelle ó Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria; fóra do dito territorio a responsabilidade penal será esixible ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.»

Vixésimo sexto. Artigo 21.

«Artigo 21.

O Goberno poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade, promover conflitos de competencia e comparecer ante o Tribunal Constitucional nos supostos e nos termos previstos na Constitución e máis na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.»

Vixésimo sétimo. Título I, capítulo IV.

«CAPÍTULO IV
Relacións entre o Parlamento
e o Goberno»

Vixésimo oitavo. Artigo 22.

«Artigo 22.

1. O Goberno de Cantabria responderá politicamente ante o Parlamento de forma solidaria sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus compoñentes.

2. O presidente, logo de deliberación do Goberno, pode presentar ante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple dos deputados e deputadas.

3. O Parlamento pode esixir a responsabilidade política do presidente ou do Goberno mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura. Esta deberá ser proposta, polo menos, por un 15 por 100 dos deputados e deputadas e deberá incluír un candidato ou candidata á Presidencia de Cantabria. A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. De a moción de censura non ser aprobada polo Parlamento os seus signatarios e signatarias non poderán presentar outra entremetres non transcorra un ano desde aquela, dentro da mes-

ma lexislatura. Durante os dous primeiros días da tramitación da moción de censura poderán presentarse mocións alternativas.

4. Se o Parlamento negase a súa confianza, o presidente de Cantabria presentará a súa dimisión ante o Parlamento, e o presidente deste convocará no prazo máximo de quince días a sesión plenaria para a elección do novo presidente de acordo co procedemento do artigo 17.

5. Se o Parlamento aprobase unha moción de censura, o presidente presentará a súa dimisión ante a Cámara e o candidato ou candidata incluído naquela entenderase investido da confianza do Parlamento. O Rei nomearáo presidente da Comunidade Autónoma.

6. O presidente non poderá presenta-la cuestión de confianza entremetres está en trámite unha moción de censura.»

Vixésimo noveno. Artigo 23.

«Artigo 23.

1. O presidente, logo de deliberación do Goberno, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá acorda-la disolución do Parlamento con anticipación ó termo natural da lexislatura.

2. A disolución acordarase por decreto, no que se convocarán pola súa vez eleccións, e no que se conterán cantos requisitos esixa a lexislación electoral aplicable.

3. O presidente non poderá acorda-la disolución do Parlamento durante o primeiro período de sesións da lexislatura, cando quede menos dun ano para a súa terminación, nin cando se atope en tramitación unha moción de censura. Tampouco poderá acorda-la disolución antes de que transcorra un ano desde a última disolución por este procedemento. En ningún suposto poderá o presidente disolve-lo Parlamento cando se atope convocado un proceso electoral estatal.

4. En todo caso, o novo Parlamento que resulte da convocatoria electoral terá un mandato limitado polo termo natural da lexislatura orixinaria.»

Trixésimo. Artigo 24.

«Artigo 24.

A Comunidade Autónoma de Cantabria ten competencia exclusiva nas materias que a seguir se sinalan, que serán exercidas nos termos dispostos na Constitución:

1. Organización, réxime e funcionamento das súas institucións de autogoberno.

2. As alteracións dos termos municipais comprendidos no seu territorio e, en xeral, as funcións que corresponden á Administración do Estado sobre as corporacións locais, a transferencia das cales autorice a lexislación sobre réxime local.

3. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

4. Tratamento especial das zonas de montaña.

5. As obras públicas de interese para a Comunidade Autónoma que se realicen dentro do seu propio territorio e que non sexan de interese xeral do Estado nin afecten outra comunidade autónoma.

6. Os ferrocarrís, estradas e camiños cun itinerario que se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, os transportes terrestres, fluviais e por cable ou tubos; establecemento de centros de contratación e terminais de carga en materia de transporte terrestre.

7. Transporte marítimo, exclusivamente entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma, sen conexión con outros portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

8. Portos, aeroportos e heliportos que non sexan de interese xeral do Estado.

9. Agricultura, gandería e industrias agroalimentarias de acordo coa ordenación xeral da economía.

10. Denominacións de orixe en colaboración co Estado.

11. Os proxectos, a construción e a explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles, regadíos de interese para a Comunidade Autónoma, e as augas minerais, termais e subterráneas, cando estas discorran integramente por Cantabria. Ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran integramente polo ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

12. A pesca en augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a caza e a pesca fluvial e lacustre.

13. Comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos, da libre circulación de bens no territorio do Estado e da lexislación sobre defensa da competencia. Feiras e mercados interiores. Establecemento de bolsas de valores e establecemento e regulación de centros de contratación de mercadorías, conforme a lexislación mercantil.

14. Planificación da actividade económica e fomento do desenvolvemento de Cantabria, dentro dos obxectivos marcados pola política económica do Estado, e do sector público económico da Comunidade.

15. Artesanía.

16. Museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas e demais centros de depósito cultural, conservatorios de música e servizos de belas artes, de interese para a Comunidade Autónoma, cando a súa titularidade non sexa estatal.

17. Patrimonio histórico, artístico, monumental, arquitectónico e arqueolóxico de interese para a Comunidade Autónoma.

18. Cultura.

19. Investigación científica e técnica, en coordinación coa xeral do Estado.

20. Turismo.

21. Promoción do deporte e da adecuada utilización do lecer.

22. Asistencia, benestar social e desenvolvemento comunitario, incluída a política xuvenil, para as persoas maiores e de promoción da igualdade da muller.

23. Protección e tutela de menores.

24. Vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións e coordinación das policía locais, sen prexuízo da dependencia xerárquica da autoridade municipal.

25. Casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuas deportivo-benéficas.

26. Cooperativas e entidades asimilables, mutuas non integradas no sistema de Seguridade Social, respectando a lexislación mercantil.

27. Espectáculos públicos.

28. Estatística para fins non estatais.

29. Fundacións que desenvolvan principalmente as súas funcións na Comunidade Autónoma.

30. Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. O exercicio da competencia realizarase de acordo coas bases e coa ordenación da actividade

económica xeral e coa política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e números 11 e 13 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

31. Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía, cando o transporte no saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte outra comunidade autónoma. Todo iso sen prexuízo do establecido nos números 22 e 25 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

32. Procedemento administrativo derivado das especialidades da organización propia.

33. Publicidade, sen prexuízo das normas dadas polo Estado para sectores e medios específicos, de acordo cos números 1, 6, e 8 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

34. Servicio meteorolóxico da Comunidade Autónoma.

35. Caixas de aforro e institucións de crédito cooperativo público e territorial, no marco da ordenación xeral da economía e de acordo coas disposicións que en uso das súas facultades dicte o Estado.»

Trixésimo primeiro. Artigo 25.

«Artigo 25.

No marco da lexislación básica do Estado e nos termos que esta estableza, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Cantabria o desenvolvemento lexislativo e a execución das seguintes materias:

1. Montes, aproveitamentos e servicios forestais, vías pecuarias e pastos.

2. Réxime local.

3. Sanidade e hixiene, promoción, prevención e restauración da saúde. Coordinación hospitalaria en xeral, incluída a da Seguridade Social.

4. Ordenación farmacéutica.

5. Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais. Exercicio de profesións tituladas.

6. Defensa dos consumidores e usuarios, de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, as bases e coordinación xeral da sanidade, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e nos números 11, 13 e 16 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

7. Protección do medio e dos ecosistemas.

8. Réxime mineiro e enerxético.

9. Prensa, radio, televisión e outros medios de comunicación social, no marco das normas básicas que o Estado estableza de acordo co número 27 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

10. Ordenación do sector pesqueiro.»

Trixésimo segundo. Artigo 26.

«Artigo 26.

Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Cantabria, nos termos que establezan as leis e as normas regulamentarias que en desenvolvemento da súa lexislación dicte o Estado, a función executiva nas seguintes materias:

1. Xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, de acordo co previsto no número 17 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, reservando o Estado para si a alta inspección conducente ó cumprimento da función a que se refire este precepto.

2. Asociacións.

3. Feiras internacionais.

4. Xestión das prestacións e servicios sociais do sistema de Seguridade Social: INSERSO. A determinación das prestacións do sistema, os requisitos para establece-la condición de beneficiario ou beneficiaria e o financiamento efectuarase de acordo coas normas establecidas polo Estado no exercicio de súas competencias, de conformidade co disposto no número 17 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

5. Xestión de museos, arquivos e bibliotecas de titularidade estatal que non reserve para si o Estado. Os termos da xestión serán fixados mediante convenios.

6. Pesos e medidas. Contraste de metais.

7. Plans establecidos polo Estado para a implantación ou reestructuración de sectores económicos.

8. Productos farmacéuticos.

9. Propiedade industrial.

10. Propiedade intelectual.

11. Laboral. De conformidade co número 7 do punto 1 do artigo 149 da Constitución correspóndelle ó Estado a competencia sobre lexislación laboral e a alta inspección. Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

12. Salvamento marítimo.

13. Nomeamento de rexistradores da propiedade, notarios e outros fedatarios públicos.

14. Aeroportos con cualificación de interese xeral a xestión directa dos cales non reserve para si o Estado.

15. Crédito, banca e seguros, de acordo coas previsións das regras 6, 11 e 13 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

16. Sector público estatal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, a que participará nos casos e actividades que proceda.

17. Transporte de mercadorías e viaxeiros que teñan a súa orixe e destino no territorio da Comunidade Autónoma de Cantabria, sen prexuízo da execución directa que reserve para si o Estado.»

Trixésimo terceiro. Artigo 27.

«Artigo 27.

Transcorridos os cinco anos previstos no punto 2 do artigo 148 da Constitución, logo de acordo do Parlamento, adoptado por maioría absoluta, a Comunidade Autónoma poderá amplialo ámbito das súas competencias en materias que non estean atribuídas en exclusiva ó Estado, ou que só estean atribuídas as bases ou principios. O acordo de asumir as novas competencias someterase ás Cortes Xerais para a súa aprobación mediante lei orgánica.

Así mesmo, poderá asumir competencias a través dos procedementos establecidos nos números 1 e 2 do artigo 150 da Constitución.»

Trixésimo cuarto. Artigo 28.

«Artigo 28.

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, de acordo co disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto 1 do artigo 81 dela, o desenvolvan, e sen prexuízo das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149, e da alta inspección para o seu cumprimento e garantía.

2. Para garantir unha prestación homoxénea e eficaz do servizo público da educación que permita corrixi-las desigualdades ou desequilibrios que poidan producirse, a Comunidade Autónoma facilitaralle á Administración do Estado a información que esta lle solicite sobre o funcionamento do sistema educativo nos seus aspectos cualitativos e cuantitativos e colaborará coa Administración do Estado nas actuacións de seguimento e avaliación do sistema educativo nacional.

3. No exercicio destas competencias a Comunidade Autónoma fomentará a investigación, especialmente a referida a materias ou aspectos peculiares de Cantabria.»

Trixésimo quinto. Artigo 29.

«Artigo 29.

En materia de medios audiovisuais de comunicación social do Estado, a Comunidade Autónoma de Cantabria exercerá tódalas potestades e competencias que lle correspondan nos termos e nos casos establecidos na Lei reguladora do estatuto xurídico de radiotelevisión.»

Trixésimo sexto. Artigo 30.

«Artigo 30.

Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Cantabria, sen prexuízo da obriga xeral do Estado, a defensa e protección dos valores culturais do pobo cántabro.»

Trixésimo sétimo. Artigo 31.

«Artigo 31.

A Comunidade Autónoma de Cantabria poderá subscribir convenios con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios da súa competencia, de acordo co disposto no artigo 145, punto 2, da Constitución.

Estes acordos deberán ser aprobados polo Parlamento e comunicados ás Cortes, e entrarán en vigor ós trinta días da comunicación, salvo que estas acorden no dito prazo que, polo seu contido, o convenio debe segui-lo trámite previsto no parágrafo seguinte, como acordo de cooperación.

A Comunidade Autónoma poderá establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas logo de autorización das Cortes Xerais.»

Trixésimo oitavo. Artigo 32.

«Artigo 32.

A Comunidade Autónoma de Cantabria asume desde a súa constitución tódalas competencias, medios e recursos que segundo as leis lle correspondan á Deputación Provincial de Santander.

Os órganos de representación e goberno da Deputación Provincial establecidos pola lexislación de réxime local quedan substituídos na provincia de Santander polos propios da Comunidade Autónoma, nos termos deste estatuto. O Parlamento de Cantabria determinará, segundo a súa natureza, a distribución das competencias da Deputación Provincial entre os distintos órganos da Comunidade Autónoma de Cantabria previstos no artigo 7 deste estatuto.»

Trixésimo noveno. Artigo 33.

«Artigo 33.

1. As competencias da Comunidade Autónoma de Cantabria enténdense referidas ó seu territorio.

2. Nas materias da súa competencia correspondelle ó Parlamento de Cantabria a potestade lexislativa nos termos previstos no Estatuto, correspondéndolle ó Goberno a potestade regulamentaria e a función executiva.

3. As competencias de execución da Comunidade Autónoma de Cantabria levan implícita a correspondente potestade regulamentaria para a organización interna dos servizos, a administración e, se é o caso, a inspección.»

Cuadraxésimo. Artigo 34.

«Artigo 34.

A Comunidade Autónoma de Cantabria, como ente de dereito público, ten personalidade xurídica. A súa responsabilidade e a das súas autoridades e persoal funcionario, procederá e esixirase nos mesmos termos e casos que estableza a lexislación do Estado na materia.»

Cuadraxésimo primeiro. Artigo 35.

«Artigo 35.

1. No exercicio das súas competencias, a Comunidade Autónoma de Cantabria gozará das potestades e privilexios propios da Administración do Estado, entre os que se comprenden:

a) A presunción de lexitimidade e a executividade dos seus actos, así como as potestades de execución forzosa e revisión de oficio daqueles.

b) A potestade de expropiación nas materias da súa competencia, incluída a urxente ocupación dos bens afectados e o exercicio das restantes competencias que a lexislación expropiatoria atribúe á Administración do Estado.

c) As potestades de investigación, deslinde e recuperación en materia de bens.

d) A potestade de sanción, dentro dos límites que estableza o ordenamento xurídico.

e) A facultade de utilización do procedemento de constrinximento.

f) A inembargabilidade dos seus bens e dereitos, así como os privilexios de prelación e preferencia recoñecidos á Facenda Pública para o cobramento dos seus créditos, sen prexuízo dos que correspondan nesta materia á Facenda do Estado e en igualdade de dereitos coas demais comunidades autónomas.

g) A exención da obriga de prestar toda clase de garantías ou caucións ante os organismos administrativos e ante os xuíces e tribunais de calquera xurisdicción.

2. Non se admitirán interdictos contra as actuacións da Comunidade Autónoma en materia da súa competencia e de acordo co procedemento legalmente establecido.

3. Así mesmo, no exercicio da competencia de organización, réxime e funcionamento prevista no artigo 24 do presente estatuto e de acordo coa lexislación do Estado, correspondelle á Comunidade Autónoma, entre outras materias, o establecemento do réxime estatutario do seu persoal funcionario, a elaboración do procedemento administrativo derivado das especialidades da súa organización propia, a regulación dos bens de dominio público e patrimoniais dos cales de titularidade da Comunidade Autónoma, e dos contratos e das concesións administrativas no ámbito da comunidade.

4. Para o exercicio da competencia de vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións, prevista no punto 22 do artigo 24 do Estatuto, a Comunidade Autónoma poderá convir co Estado a adscrición dunha unidade do Corpo Nacional de Policía nos termos e para o exercicio das funcións previstas na Lei orgánica aludida no número 29 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.»

Cuadraxésimo segundo. O artigo 36 corresponde ó artigo 35 do texto actualmente vixente.

Cuadraxésimo terceiro. Artigo 37.

«Artigo 37.

A Comunidade Autónoma de Cantabria exercerá as súas funcións administrativas a través dos organismos e entidades que se establezan, dependentes do Goberno, e poderá delega-las ditas funcións nas comarcas, municipios e demais entidades locais, se así o autoriza unha lei do Parlamento que fixará as oportunas formas de control e coordinación.»

Cuadraxésimo cuarto. Artigo 38.

«Artigo 38.

O Consello Xurídico Consultivo é o superior órgano de consulta e asesoramento das institucións da Comunidade Autónoma de Cantabria e das súas corporacións locais. Unha lei do Parlamento de Cantabria, aprobada por maioría de tres quintos dos seus membros, regulará as súas funcións, a súa composición e o seu réxime de funcionamento.»

Cuadraxésimo quinto. Título III, capítulo III.

«CAPÍTULO III

Control da Comunidade Autónoma»

Cuadraxésimo sexto. Artigo 39.

«Artigo 39.

1. As leis do Parlamento de Cantabria estarán excluídas do recurso contencioso-administrativo e unicamente suxeitas ó control da súa constitucionalidade, exercido polo Tribunal Constitucional.

2. O Parlamento de Cantabria poderá ser parte e comparecer nos conflitos constitucionais.»

Cuadraxésimo sétimo. Artigo 40.

«Artigo 40.

Os actos e acordos e as normas regulamentarias emanadas dos órganos executivos e administrativos da Comunidade Autónoma serán, en todo caso, impugnables ante a xurisdicción contencioso-administrativa.»

Cuadraxésimo oitavo. Artigo 41.

«Artigo 41.

O control económico e orzamentario da Comunidade Autónoma será exercido polo Tribunal de Contas do Estado.

O informe do Tribunal de Contas será remitido, ademais de ás Cortes Xerais, ó Parlamento de Cantabria.

O establecido nos parágrafos anteriores levarase a cabo de acordo co que dispoña a Lei orgánica prevista no artigo 136, punto 4, da Constitución.»

Cuadraxésimo noveno. O artigo 42 corresponde ó artigo 41 do texto actualmente vixente.

Quincuaxésimo. O artigo 43 corresponde ó artigo 42 do texto actualmente vixente.

Quincuaxésimo primeiro. Artigo 44.

«Artigo 44.

1. En relación coa Administración de Xustiza, exceptuada a militar, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Cantabria exercer tódalas facultades que a Lei orgánica do poder xudicial lle recoñeza ou atribúa ó Goberno do Estado.

2. O Parlamento de Cantabria fixará a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais e a localización da súa sede, de acordo coa Lei orgánica do poder xudicial.»

Quincuaxésimo segundo. Artigo 45.

«Artigo 45.

A Comunidade Autónoma de Cantabria, dentro dos principios de coordinación coas Facendas estatal e local, e de solidariedade entre tódolos españois e españolas, ten autonomía financeira, dominio público e patrimonio propio de acordo coa Constitución, co presente estatuto e coa Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.»

Quincuaxésimo terceiro. Artigo 46.

«Artigo 46.

1. O patrimonio da Comunidade Autónoma estará integrado por:

- a) O patrimonio da Deputación Provincial de Santander no momento de se aproba-lo estatuto.
- b) Os bens afectos a servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Cantabria.
- c) Os bens adquiridos pola Comunidade Autónoma de Cantabria por calquera título xurídico válido.

2. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Cantabria, e a súa administración, defensa e conservación serán regulados por unha lei do Parlamento.

3. A Comunidade Autónoma ten plena capacidade para adquirir, administrar e allear, segundo a lexislación vixente, os bens que integren o seu patrimonio.»

Quincuaxésimo cuarto. Artigo 47.

«Artigo 47.

A Facenda da Comunidade Autónoma constitúese con:

1. Os rendementos dos impostos que estableza a Comunidade Autónoma de Cantabria.

2. Os rendementos dos impostos cedidos polo Estado, ós que se refire a disposición adicional primeira, e de todos aqueles que as Cortes Xerais aproben a cesión.

3. Unha porcentaxe de participación na recadación total do Estado pola totalidade dos seus impostos percibidos na Comunidade Autónoma.

4. O rendemento das súas propias taxas, aproveitamentos especiais e pola prestación de servicios directos da Comunidade Autónoma, sexan de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servicios estatais.

5. As contribucións especiais que estableza a Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias.

6. As recargas en impostos estatais.

7. Se é o caso, os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial.

8. Outras asignacións por conta dos orzamentos xerais do Estado.

9. A emisión de débeda e o recurso ó crédito.

10. Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma.

11. Ingresos de dereito privado; legados e doazóns.

12. Multas e sancións no ámbito das súas competencias.»

Quincuaxésimo quinto. Artigo 48.

«Artigo 48.

A Comunidade Autónoma de Cantabria e os entes locais afectados, participarán nos ingresos correspondentes ós tributos que o Estado poida establecer para recupera-los custos sociais producidos por actividades contaminantes ou xeradoras de risco de especial gravidade para o contorno físico e humano de Cantabria, na forma que estableza a Lei creadora do gravame.»

Quincuaxésimo sexto. Artigo 49.

«Artigo 49.

1. Cando se complete o traspaso de servicios ou ó cumprirse o sexto ano de vixencia deste estatuto, se a Comunidade Autónoma de Cantabria ou o Estado o solicita, a participación anual nos ingresos do Estado, citada no número 3 do artigo 47 e definida na disposición transitoria décima, negociarase sobre as seguintes bases:

a) O coeficiente de poboación.

b) O coeficiente de esforzo fiscal no imposto sobre a renda das persoas físicas.

c) A cantidade equivalente á achega proporcional que corresponda a Cantabria, polos servicios e cargas xerais que o Estado continúe asumindo como propios.

d) A relación inversa da renda real por habitante de Cantabria respecto da do resto de España.

e) Relación entre os índices de déficit en servicios sociais e infraestrutura que afecten o territorio da Comunidade e o conxunto do Estado.

f) Relación entre os custos por habitante dos servicios sociais e administrativos transferidos para o territorio da Comunidade e para o conxunto do Estado.

g) Outros criterios que se estimen procedentes.

2. A fixación da nova porcentaxe de participación será obxecto de negociación e poderá revisarse nos seguintes supostos:

a) Cando se amplíen ou se reduzan as competencias asumidas pola Comunidade Autónoma e que anteriormente realizase o Estado.

b) Cando se produza a cesión de novos tributos.

c) Cando se leven a cabo reformas substanciais no sistema tributario do Estado.

d) Cando, transcorridos cinco anos despois da súa posta en vigor, sexa solicitada a dita revisión polo Estado ou a Comunidade Autónoma de Cantabria.»

Quincuaxésimo sétimo. Artigo 50.

«Artigo 50.

1. A Comunidade Autónoma de Cantabria, mediante acordo do Parlamento, poderá concertar operacións de crédito e emitir débeda pública para financiar gastos de investimento.

2. O volume e características estableceranse de acordo coa ordenación da política crediticia e en coordinación co Estado.

3. Os títulos emitidos terán a consideración de fondos públicos para tódolos efectos.

4. Así mesmo, o Goberno poderá realizar operacións de crédito por prazo inferior a un ano, co obxecto de cubri-las súas necesidades transitorias de tesourería.

5. O establecido nos artigos anteriores axustarase ó disposto na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.»

Quincuaxésimo oitavo. Artigo 51.

«Artigo 51.

1. A xestión, recadación, liquidación e inspección dos seus propios tributos, así como o coñecemento das reclamacións relativas a eles, corresponderanlle á Comunidade Autónoma de Cantabria, a cal disporá de plenas atribucións para a execución e organización das ditas tarefas, sen prexuízo da colaboración que poida establecerse coa Administración Tributaria do Estado, especialmente cando así o esixa a natureza do tributo.

2. No caso dos impostos dos que se cedesen os seus rendementos, o Goberno asumirá, por delegación do Estado, a xestión, recadación, liquidación, inspección e revisión, se é o caso, deles, sen prexuízo da colaboración que poida establecerse entre ámbalas administracións, todo iso de acordo co especificado na lei que fixe o alcance e as condicións da cesión.

3. A xestión, recadación, liquidación, inspección e revisión, se é o caso, dos demais impostos do Estado, recadados en Cantabria, corresponderalle á Administración Tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que a Comunidade Autónoma de Cantabria poida recibir deste e da colaboración que poida establecerse, especialmente cando así o esixa a natureza do tributo.»

Quincuaxésimo noveno. Artigo 52.

«Artigo 52.

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Cantabria velar polos intereses financeiros dos entes locais, respectando a autonomía que a eles lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución.

2. É competencia dos entes locais de Cantabria a xestión, recadación, liquidación e inspección dos tributos propios que lles atribúen as leis, sen prexuízo da delegación que poidan outorgar para estas facultades a favor da Comunidade Autónoma de Cantabria. Mediante lei do Estado, establecerase o sistema de colaboración dos entes locais, da Comunidade Autónoma de Cantabria e do Estado para a xestión, liquidación, recadación e inspección daqueles tributos que se determinen.»

Sesaxésimo. Artigo 53.

«Artigo 53.

A Comunidade Autónoma de Cantabria gozará do tratamento fiscal que a lei estableza para o Estado.»

Sesaxésimo primeiro. Artigo 54.

«Artigo 54.

Regularanse necesariamente, mediante lei do Parlamento de Cantabria, as seguintes materias:

a) O establecemento, modificación e supresión dos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais e das exencións ou bonificacións que lles afecten.

b) O establecemento, modificación e supresión das recargas sobre os impostos do Estado, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.»

Sesaxésimo segundo. Artigo 55.

«Artigo 55.

Correspóndelle ó Goberno de Cantabria:

a) Aproba-los regulamentos xerais dos seus propios tributos.

b) Elabora-las normas regulamentarias precisas para xestiona-los impostos estatais cedidos de acordo cos termos da dita cesión.»

Sesaxésimo terceiro. Artigo 56.

«Artigo 56.

Correspóndelle ó Goberno a elaboración e aplicación do orzamento da Comunidade Autónoma de Cantabria e ó Parlamento o seu exame, emenda, aprobación e control.

O orzamento será único, terá carácter anual e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma de Cantabria e dos organismos e entidades dependentes dela. Igualmente consignarase nel o importe dos beneficios fiscais que afecten os tributos atribuídos á Comunidade Autónoma de Cantabria.

De os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma non seren aprobados antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, quedará automaticamente prorrogada a vixencia dos anteriores.»

Sesaxésimo cuarto. Artigo 57.

«Artigo 57.

1. A Comunidade Autónoma de Cantabria, de acordo co que establezan as leis do Estado, designará os seus propios representantes nos organismos económicos, nas institucións financeiras e nas empresas públicas do Estado que estenda a súa competencia ó territorio de Cantabria e que, pola súa natureza, non sexan obxecto de traspaso.

2. A Comunidade Autónoma poderá elaborar e remitir ó Goberno do Estado calquera informe, estudo ou proposta relativos á xestión das empresas públicas ou á súa incidencia na socioeconomía da Comunidade Autónoma. Os ditos informes, estudos ou propostas darán lugar a resolucións motivadas do Goberno ou dos organismos ou entidades titulares da participación das empresas.

3. A Comunidade Autónoma de Cantabria poderá constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia, segundo o establecido no presente estatuto.

4. A Comunidade Autónoma de Cantabria, como poder público, poderá facer uso das facultades previstas no punto 1 do artigo 130 da Constitución, e poderá fomentar mediante accións adecuadas as sociedades cooperativas. Así mesmo, de acordo coa lexislación do Estado na materia, poderá

facer uso das demais facultades previstas no punto 2 do artigo 129 da Constitución.

5. A Comunidade Autónoma de Cantabria queda facultada para constituír institucións que fomenten a ocupación e o desenvolvemento económico e social, no marco das súas competencias.»

Sesaxésimo quinto. Artigo 58.

«Artigo 58.

1. A reforma do Estatuto axustarase ó seguinte procedemento:

a) A iniciativa da reforma corresponderalle ó Goberno, ó Parlamento por proposta dun tercio dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

b) A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación do Parlamento de Cantabria, por maioría de dous tercios, e a aprobación das Cortes Xerais, mediante lei orgánica.

2. Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento de Cantabria ou polas Cortes Xerais, non poderá ser sometida novamente a debate ou votación polo Parlamento ata que transcorrese un ano.»

Sesaxésimo sexto. Disposición adicional.

A disposición adicional do texto actualmente vixente pasará a se-la disposición adicional primeira.

Sesaxésimo sétimo. Disposición adicional segunda.

«Disposición adicional segunda.

1. A Comunidade Autónoma de Cantabria velará para que, nos termos dos artigos 138 e 139 da Constitución española, o Estado garanta a realización efectiva dos principios de igualdade e solidariedade e o equilibrio económico das diversas comunidades autónomas, sen que as diferencias entre os seus estatutos e competencias poidan implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais en prexuízo de Cantabria.

2. Co fin de garanti-lo nivel mínimo na prestación de servizos públicos fundamentais que a Comunidade Autónoma asumise, e sempre que se dea o suposto previsto na Lei orgánica reguladora do financiamento das comunidades autónomas, a Facenda da Comunidade Autónoma recibirá con cargo ós orzamentos xerais do Estado a asignación complementaria á que se refire o artigo 158, punto 1, da Constitución española.

3. A Comunidade Autónoma velará para que na valoración do custo dos servizos transferidos ou que se vaian transferir, no cálculo da participación anual dos ingresos do Estado, na determinación da asignación compensatoria a que se refire o punto anterior e na dos demais instrumentos de solidariedade previstos no artigo 158 da Constitución española para a corrección dos desequilibrios tradicionais de Cantabria se ponderen adecuadamente, entre outros, os factores de dificultade orográfica e dispersión demográfica.

4. A Comunidade Autónoma de Cantabria velará para que o traspaso de funcións e servizos da xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, incluída no punto 1 do artigo 26 do presente

estatuto, garanta a continuidade do hospital «Marqués de Valdecilla» como centro de referencia nacional, para que poida manter e incrementar no futuro o seu alto nivel de actualización asistencial, docente, científica e tecnolóxica.»

Sesaxésimo oitavo. Disposición adicional terceira.

«Disposición adicional terceira.

A celebración de eleccións atenderá ó que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordina-lo calendario das diversas consultas electorais.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Baqueira Beret, 30 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

30153 *LEI 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, pola que se incorporan ó ordenamento xurídico español as Directivas 93/38/CEE e 92/13/CEE. («BOE» 313, do 31-12-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente lei incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 93/38/CEE, do Consello, do 14 de xuño, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, modificada pola Directiva 98/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello e a Directiva 92/13/CEE, do Consello, do 25 de febreiro, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas referentes á aplicación das normas comunitarias nos procedementos de adxudicación de contratos das entidades que operan nos ditos sectores. A primeira das directivas citadas, á vez que revisa a Directiva 90/531/CEE, que recollía unicamente os contratos de obras e subministración, amplía o ámbito obxectivo desta ó contrato de servizos. Pola súa parte a Directiva 94/4/CE adapta a Directiva 93/38/CEE ó contido do acordo relativo á contratación pública, aprobado en nome da Comunidade Europea polo Consello mediante a Decisión 94/800.

O dereito comunitario europeo previu, en efecto, para os sectores excluídos os citados da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións da normativa aplicable ós contratos das administracións públicas, as directivas reguladoras das cales foron obxecto de transposición pola Lei de contratos das administracións públicas, un réxime singular no que concirne a determinados aspectos da ordenación da súa actividade contractual, entre eles a selección do contratista, que, asegurando en todo caso os principios de apertura do mercado principios de publicidade e concorrencia sexan menos estritos e ríxidos cós establecidos nas directivas convencio-

nais reguladoras da contratación das administracións públicas.

A Comisión Europea considerou no seu momento, ponderando, como se preocupou de sinalar, «razóns políticas, estratéxicas, económicas, industriais e xurídicas», que era oportuno introducir criterios orixinais ou específicos no campo contractual dos sectores excluídos, xa que estes, no contexto dos países comunitarios, están xestionados por entidades ou organismos públicos ou privados de maneira indistinta.

Estes criterios especiais, de carácter nivelador ou homoxeneizador do réxime de contratación, traducíronse nun repertorio normativo, de aplicación ós denominados sectores excluídos, en materia de publicidade e selección do contratista, que é común en principio a tódolos operadores destes sectores con independencia da súa procedencia pública ou privada. Esta opción supuxo unha flexibilización, recollida e regulada na presente lei, do réxime de dereito público aplicable en orixe ós organismos e entidades públicas, tomando en consideración o dinamismo xestor imperante nos denominados sectores excluídos, e a ordenación e a disciplina do réxime de contratación aplicable ás entidades privadas, que loxicamente incorpora, así mesmo, a lei, xustificado polo interese público que é propio á vez destes sectores nos que operan gozando de dereitos especiais ou exclusivos.

O resultado, nun punto medio de encontro, é a regulación común a entidades públicas e privadas contida na lei, fundamentalmente en materia de publicidade e selección do contratista, chamada a garanti-los principios de non-discriminación e concorrencia e a conseguinte apertura dos mercados, obxectivo capital ó que apuntan as regulacións emanadas da Unión Europea.

A lei define no capítulo II do seu título I, con estricteza fidelidade ó contido da Directiva 93/38/CEE, o seu ámbito obxectivo de aplicación, concretando tanto a natureza dos contratos que regula coma o seu contido material.

Partindo do enfoque máis arriba indicado, o ámbito subxectivo da lei, tal como especifica o capítulo I do mesmo título I, proxéctase sobre as entidades públicas e privadas, exceptuando sen embargo as administracións públicas e os organismos autónomos, que quedan suxeitos á regulación máis estricteza da Lei de contratos das administracións públicas por razóns de disciplina e control do seu funcionamento, aspectos estes que parece aconsellable primar. Isto é plenamente compatible co dereito comunitario, xa que esta opción garante obviamente os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non-discriminación en materia contractual ó esixirse con maior rigor na esfera estritamente administrativa.

O título II da lei precisa as definicións legais dos conceptos técnicos con incidencia no campo contractual que se regula e a orde de prelación das fontes normativas así mesmo de carácter técnico, acomodando, sempre que iso é posible, a terminoloxía da directiva á que xa é tradicional no noso dereito.

A lei prevé, no seu título III, un sistema potestativo de clasificación de contratistas, o obxectivo ou finalidade do cal será, así mesmo, definido pola entidade contratante, aínda que estea chamado, en principio, tanto a facilita-la selección do contratista como a simplificalo propio procedemento cando opere como medio de convocatoria. Os criterios de clasificación serán tamén de libre elección pola entidade contratante, que deberá asegurar en todo caso a publicidade destes e a non-discriminación entre os aspirantes. Como alternativa, estas entidades poderán, se o desexan, remitirse ó Rexistro Oficial de Contratistas do Ministerio de Economía e Facenda, se é o caso, ós Rexistros Oficiais de Contratistas das Comunidades Autónomas ou a outro sistema de clasificación de terceiros que responda ás súas esixencias.